



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 29 DE OUTUBRO DE 2024 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, DÚAS (2) PRAZAS TÉCNICO/A XESTIÓN E TRES (3) PRAZAS ADMINISTRATIVO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO AUTORIZADA POLO ART.217 DO REAL DECRETO 5/2023, DO 28 DE XUÑO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

*"Por resolución da presidencia de 22.10.2024, apróbanse as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, composición do Tribunal e datas, dos procedementos selectivos excepcionais para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a administración xeral, dúas (2) prazas de técnico/a xestión e tres (3) prazas de administrativo/a, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2023, taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto 5/2023, do 28 de xuño), acceso libre, polo sistema de concurso publicándose no BOP núm. 246, do 24.10.2024.*

*Dona Rosa Abelleira Fernández, nomeada vogal do Tribunal cualificador dos ditos procedementos selectivos, solicita, mediante escrito de data 25.10.2024, non participar nos procesos selectivos por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.*

*En base ao anteriormente exposto débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: "A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior", propoñer á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, RESOLVA:*

*1º.- Admitir a solicitude de abstención formulada pola vogal dona Rosa Abelleira Fernández, perdendo así a súa condición de vogal titular dos procedementos selectivos.*

*2º.- Nomear como vogal titular substituta nos ditos procedementos selectivos a dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo e como vogal suplente a dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.*

*3º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade."*

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Contra a presente resolución, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Lugo, 30 de outubro de 2024 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3380

---

## CONCELLOS CASTROVERDE

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 11/2024.**

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2024 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 11/2024, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 29 de outubro de 2024,- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3361

---

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DO PREZO PUBLICO DA VIAXE A LALIN**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecementoxeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 11 de setembro de 2024 acordou a aprobar os prezos para a celebración da viaxe a Lalín, Quexería Pazo Anzuxao e Santuario do Corpiño coas seguintes tarifas: 45 euros por persoa.

Guitiriz, 23 de Outubro de 2024.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3662

---

### *Anuncio*

**Publicación da resolución de alcaldía de data 29.10.2024 pola que se acorda aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, designar o tribunal e constituir o mesmo, no expediente de selección de 1 encargado de obras como funcionario de carreira mediante proceso de concurso - oposición libre (OEP 2020). Exp. 364/2020.**

**“DECRETO LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 ENCARGADO DE OBRAS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE PROCESO DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2020, Artigo 19 Uno.2.3.7 LOXE 2018). EXPTE 364/2020.**

Dona María Sol MorandeiraMorandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- O Concello de Guitiriz aprobou por Resolución de Alcaldía 2023-0672 de data 28/07/2023 as bases e convocatoria de selección de 1 encargado de obras como funcionario de carreira mediante concurso-oposición libre (OEP de 2020, art. 19 Uno.2.3.7. LOXE 18).

- Por Decreto de Alcaldía 2023-0991 de data 16/11/2023 aprobouse unha corrección de erro no decreto 2023-0672 de data 28/07/2023.
- No BOP de Lugo nº 185 do 12/08/2023 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. No BOP de Lugo nº 270 do 24/11/2023 publicouse a corrección de erro nas bases da convocatoria. En datas 27/10/2023 e 15/11/2023 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE, respectivamente.
- Por Decreto de alcaldía 2024-0051 de 28/01/2024 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais.

Non habendo solicitudes de rectificación nin reclamacións no prazo establecido a lista provisional considerase definitiva (base 5ª da convocatoria).

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-**Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	CELGA
1	Rodríguez Novo, Juan Carlos	***2647**	SI
2	Porto Prieto, Alberto	***3607**	SI
3	LópezSeijas, Jesús	***3492**	SI
4	Charlon Rico, César	***0538**	SI
5	MarcielCalaza, Francisco	***3690**	SI
6	Freire del Valle, Rubén	***5367**	SI
7	González Díaz, Rebeca	***1657**	SI

**Non hai aspirantes excluídos/as.**

**Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña “SI” (mínimo Celga 2) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego.**

**SEGUNDO.-** De conformidade coa base sexta da convocatoria, artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, designanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

Presidenta/e:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Vogal 1ºª:

Titular: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos – adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Vogal 2ºª:

Titular: Don JuliánMayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Vogal 3ºª:

Titular: Don Luís Fernández Reija, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Suplentes de vogais:

- Dona Marta Varela Ferreiro, administrativa do Concello de Guitiriz.
- Dona Yolanda Novo López, administrativa do Concello de Guitiriz.

Secretario/a:

Titular: Don Jose Cornide Rio, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Guitiriz.

Suplente: Don Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz.

A data de constitución do Tribunal será o día 11 de Novembro de 2024 ás 9.00 h na Aula de Formación da Deputación de Lugo ou telemáticamente. Conforme á base 7ª. 7.1. da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á realización da fase de concurso mediante a valoración dos méritos das aspirantes.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais (base 5.3.) para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Guitiriz, 29 de Outubro de 2024.- Aalcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 3363

### Anuncio

**Publicación da resolución de alcaldía de data 29.10.2024 pola que se acorda aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, designar o tribunal e constituir o mesmo, no expediente de selección de 1 técnico de turismo (OEP 2020, estabilización de emprego temporal) como persoal laboral fixo mediante o sistema de concurso. Exp. 450/2022.**

**“DECRETO LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE TURISMO (OEP 2020, ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL) COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO. EXPTE 450/2022.**

*Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.*

*Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:*

- *O Concello de Guitiriz aprobou por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/11/2023 as bases reguladoras e convocatoria para o proceso de selección de 1 técnico/a de turismo como persoal laboral fixo mediante concurso, en execución da OEP do ano 2020, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal.*
- *No BOP de Lugo nº 281 do 9 de decembro de 2023, foi publicado o anuncio da aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo. En datas 12/01/2024 e o 31/01/2024 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.*
- *Por Decreto de alcaldía de 27/02/2020 aprobouse a lista provisional de admitidas e excluídas no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no BOP de Lugo nº 56 do 09/03/2020.*
- *Consta recurso de reposición fronte a resolución do Concello de Guitiriz polo que se aproban as Bases Reguladoras do proceso para a selección dun Técnico/a de Turismo como persoal laboral fixo mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal presentado con data 29/02/2024 (E-RE-263).*
- *Dase traslado do recurso presentado a todos os interesados/as e concedeselles un trámite de audiencia previo a resolución do recurso, enviado en data 11/03/2024.*
- *Transcorrido o prazo do trámite de audiencia e presentada unha alegación con data 20/03/2024 (E-RE-364), procedese a resolver o recurso de reposición co correspondente informe xurídico 2024-0058 de data 10/04/2024 e aprobándose por resolución de alcaldía 2024-0286 de data 12/04/2024. Notifícase dita resolución na mesma data da aprobación da mesma.*
- *Visto que non se presentan reclamacións a lista provisional de admitidos /excluídos no prazo establecido.*

*Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.*

**RESOLVO:****PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas:**Aspirantes admitidos/as:**

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	CELGA
1	Prado González, Lucía	***1813**	SI
2	LampónLampón, Ramona	***3524**	SI
3	ÁlvarezDíaz, Manuel	***3858**	SI
4	Vázquez Rodríguez, Olga	***5007**	SI
5	GarcíaSestelo, Marta	***6064**	SI
6	Sánchez López, Jose Angel	***8218**	SI
7	Seoane Goas, Tamara	***2198**	SI
8	Perez Murado, Daniel	***5796**	SI
9	Ansede Río, Suevia	***4774**	SI
10	Fernandez - Couto Tella, Constanza	***6101**	SI

**Aspirantes excluídos/as:**

APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	CAUSA
Pita Pena, Ángela	***4386**	-Non achega Anexo I (Modelo Instancia). Base 3ª Instancias; 3.1. Modelo solicitude

**Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña "SI" (mínimo Celga 4) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego."**

**SEGUNDO.-** De conformidade coa base quinta da convocatoria (5.1.), artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, désígnanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

Presidenta/e:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Vogal 1º/a:

Titular: Dona Mercedes Lamela López, xefa do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Vogal 2º/a:

Titular: Dona Silvia Fernández Vila, técnica de Turismo na Unidade de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo.

Vogal 3º/a:

Titular: Don Santiago Rodríguez Tuñas, técnico de xestión na Unidade de Promoción do Territorio da Deputación de Lugo.

Suplentes de vogais:

- Don Jose Cornide Río, técnico de medio ambiente do Concello de Guitiriz.
- Dona Ana Isabel Blanco Pazos, técnica de urbanismo do Concello de Guitiriz.

Secretario/a:

Titular: Dona Sandra Freire Del Valle, técnica de emprego e desenvolvemento local do Concello de Guitiriz.

Suplente: Don Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz. do Concello de Guitiriz.

A data de constitución do Tribunal será o día 11 de novembro de 2024 ás 11.30 h na Aula de Formación da Deputación de Lugo ou telemáticamente. Conforme á base 6 da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á realización da fase única de concurso coa valoración dos méritos dos aspirantes.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 29 de Outubro de 2024.- Aalcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 3364

### Anuncio

**Publicación da resolución de alcaldía de data 29.10.2024 pola que se acorda resolver as alegacións presentadas, aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, designar o tribunal e constituir o mesmo, no expediente de selección de 3 peóns de brigada verde como persoal laboral fixo mediante proceso de concurso - oposición libre (OEP 2020). Exp. 363/2020.**

**“DECRETO LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS DE BRIGADA VERDE COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE PROCESO DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2020). EXPTE 363/2020.**

*Dona María Sol MorandeiraMorandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.*

*Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:*

- O Concello de Guitiriz aprobou por Acordo de XGL de data 30/10/2023 as bases e convocatoria de selección de 3 peóns de Brigada Verde como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre (OEP de 2020, art. 19 Uno.9. LOXE 18).
- No BOP de Lugo nº 289 do 19/12/2023 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. En datas 05/02/2024 e 13/02/2024 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE, respectivamente.
- Por Decreto de alcaldía 2024-0199 de 18/03/2024 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais e no BOP de Lugo nº 237 de data 14/10/2024.
- Reclamación presentada por Elsa Clara Gato Adams con data 14/10/2024 solicitando a súa inclusión na lista de admitidos xa que presentou a súa solicitude en forma e prazo.

*Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.*

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Analizada a documentación en relación a reclamación presentada por Elsa Clara Gato Adams detectase un erro na lista provisional xa que tería que aparecer a aspirante Elsa Clara Gato Adams como admitida ó presentar con data 11/03/2024 unha solicitude de participación no proceso selectivo de peón de brigada verde a través do Sistema e Interconexión de Registros (SIR) no Rexistro da Área do Mar de Lugo, e non ser detectado na revisión inicial de instancias do rexistro electrónico desta entidade local.

*Correxir o erro na lista provisional detectado en relación a aspirante Elsa Clara Gato Adams que estaría admitida no proceso de selección.*

**SEGUNDO.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	CELGA
1	ALDREY BAO, JULIO ALBERTO	***1991**	SI
2	ARES BELLO, ANDRES	***1886**	SI

3	ARIAS LOUREIRO, MARIA PAZ	***3119**	SI
4	AYAPE DE COS, IGNACIO	***2957**	NON
5	CASTRO GAUTE, MARIA DEL PILAR	***4085**	NON
6	CORTIÑAS GARCIA , DANIEL	***5590**	SI
7	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RAQUEL ANGELES	***5449**	NON
8	FRAGA GONÇALVES, SAMUEL	***9115**	SI
9	GARCIA ALVARELLOS, MANUEL	***8911**	SI
10	GARCIA SOUTO, DANIEL	***4821**	NON
11	GATO ADAMS, ELSA CLARA	***8034**	SI
12	IGLESIAS GAMBOA, IVAN	***0566**	SI
13	MONTES LOSADA, ANTONIO	***4389**	NON
14	PEGO RODRIGUEZ, RAFAEL	***5800**	NON
15	PORTO PRIETO, ALBERTO	***3607**	SI
16	SALGUEIRO NOVO, JOSE CARLOS	***2455**	NON
17	SÁNCHEZ RODRIGUEZ, MARIA CRISTINA	***2484**	SI
18	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, ROBERTO	***3038**	SI
19	SOTO SOTO, MARIA EMMA	***4732**	SI

**Non hai aspirantes excluídos/as.**

**Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña "SI" (mínimo Celga 2) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego, estando obrigados a facer a proba aqueles nos que consta que "NON" teñen CELGA.**

**TERCEIRO.-** De conformidade coa base sexta da convocatoria, artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, désígnanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

*Presidenta/e:*

*Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.*

*Vogal 1ª:*

*Titular: Don Luís Fernández Reija, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.*

*Vogal 2ª:*

*Titular: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro camiños, canles e portos - adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

*Vogal 3ª:*

*Titular: Don Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.*

*Suplentes de vogais:*

- *Dona Marta Varela Ferreiro, administrativa do Concello de Guitiriz.*
- *Dona Yolanda Novo López, administrativa do Concello de Guitiriz.*

*Secretario/a:*

*Titular: Dona Sandra Freire Del Valle, técnica de emprego e desenvolvemento local do Concello de Guitiriz.*

*Suplente: Don Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz. do Concello de Guitiriz.*

*A data de constitución do Tribunal será o día 11 de novembro de 2024 ás 10.00 h na Aula de Formación da Deputación de Lugo ou telemáticamente. Conforme á base 7 da convocatoria (7.1), en dita data o Tribunal procederá á realización da fase de concurso coa valoración de méritos dos aspirantes.*

**CUARTO.-** *Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na páxina web ou sede electrónica municipais (base 5.3.) para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Guitiriz, 29 de Outubro de 2024.- Aalcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 3365

### Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais do servizo público do Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2024, e do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente aos meses de setembro e primeira quincena de outubro 2024, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 7.158,00 €.

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de setembro e primeira quincena de outubro de 2024, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3.267,42 €

- Modalidade dependencia: 7.579,33 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de setembro de 2024 e do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente aos meses de xullo e agosto de 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Guitiriz, 24 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3366

## LUGO

### Anuncio

**RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas**

No depósito municipal sito na Rúa dos Carros, Parcela E 4.I, no Polígono Industrial do Ceao, figuran depositados os vehículos que foron retirados da vía pública por atoparse en estado de abandono.

Tendo en conta o disposto no artigo 2 da Lei 11/99, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas de desenvolvemento do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor a seguridade viaria e en materia de augas, eo artigo 106 do Real Decreto Legislativo 6/2005 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.



No uso das atribucións conferidas ó Alcalde no artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo a redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Modernización a Administración Local e normativa específica de aplicación, e por delegación conferida polo Decreto Número 4036/2024 no Tenente de Alcaldesa Delegado de Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Requerir ós propietarios dos vehículos que se relacionan a través da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que no prazo de QUINCE DÍAS retiren os mesmos do depósito municipal sito en Rúa dos Carros, Parcela E 4.I do Polígono Industrial do Ceao, previo aboamento dos gastos a que houbera lugar:

	MARCA Y MODELO
7831-CNK	HYUNDAI ATOS
7417-DHM	RENAULT SCENIC
M-4250-WU	VW GOLF
M-6974-PV	AUDI 80
6716-DPK	FIAT STILO
C-7182-BT	AUDI A4
6537-BZR	RENAULT KANGOO
7455-JRX	HYUNDAI I20
LU-7671-U	PEUGEOT 106
M-4951-XL	SEAT CÓRDOBA
M-5498-NN	FORD FIESTA
6488-DFJ	AUDI A4
BI-9401-BH	LANCIA DELTA
1261-BRJ	KIA CARNAVAL
7434-CWH	CITROEN C3
L-6716-AF	SEAT IBIZA
4245-DSC	FORD FOCUS
6497-CVN	RENAULT MEGANE
0194-CCB	RENAULT CLIO
6633-CFL	PEUGEOT 206
7480-DSS	MINI ONE
SE-4142-BS	OPEL CALIBRA
9233-BXN	CITROEN C5
7875-CVK	AUDI A6
VA-7398-W	FORD ESCORD
3051-BWX	CITROEN XSARA
8224-BFL	SEAT LEÓN
1444-GJS	AUDI A5

PO-8402-BP	OPEL CORSA
WAUZZZ8L02A072892	AUDI A3
M-1195-LZ	RENAULT CLIO
4341-BMG	FIAT PUNTO
LU-2931-U	CITROEN SAXO
7016-BVV	DAEWOO LANOS
LU-6090-U	CITROEN XANTIA
M-2975-XX	RENAULT LAGUNA
9776-FMW	FIAT DOBLÓ
2308-KNG	SUBARU XV
4915-HRK	DACIA DOKKER
0036-FVN	V-W PASTA
6962-CRV	NISSAN ALMERA
7445-CSZ	CITROEN C5
C-4119-BY	FORD FIESTA
6390-CBN	OPEL VECTRA
4477-DHL	PEUGEOT 307
C-1910-CG	FIAT PUNTO
0036-BVN	SEAT IBIZA
6869-CNH	FORD FOCUS
8071-BJZ	AUDI A4
7354-CLJ	VW PASSAT
4243-GMC	FIAT DOBLÓ
6029-CKT	SEAT LEÓN
6550-BPF	CITROEN C5
LU-3936-X	OPEL ASTRA
LU-0496-N	PEUGEOT 405
8994-GHF	SEAT IBIZA
8711-CTD	AUDI A5
5478-DRT	AUDI A4
9211-DNS	MERCEDES C200
C-8540-CC	CITROEN XSARA
E12021090356	PATINETE WAYSCRAL

**SEGUNDO:** Advertir que transcorrido o prazo citado procederase ó tratamento dos vehículos como residuo sólido urbano e á poxa dos mesmos podendo acordarse a substitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación ós servizos de vixianza do tráfico.

**TERCEIRO:** Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos: recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contanto a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da mesma Lei), ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos en materia de persoal, propiedade especiais e sancións (artigo 14 da Lei que se cita).

No obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a Alcaldía no prazo de UN MES contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. De optarse por este recurso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do dito recurso de reposición, por silencio administrativo, o cal se producirá polo transcurso do prazo de un mes dende a data da súa interposición.

Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime convinte ó seu dereito.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 28 de outubro de 2024.- Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas, Rubén Arroxo Fernández.

R. 3367

---

### Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público a través do presente anuncio, o contido do Decreto núm. 10027/2024 do día 25/10/2024, dictado pola Tenente de Alcaldesa da Área de Participación Cidadá e Servizos para a Veciñanza polo que se dispón aprobar as Bases Reguladoras del X Concurso Fotográfico Estampas de Paz e Acougo 2024; así como proceder á súa convocatoria, para que as persoas interesadas poidan presentar as obras fotográficas que estimen oportunas, dentro do prazo comprendido entre os días 15 e 30 novembro, ambos os dous inclusive.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido decreto 10027/2024:

**Primeiro.** Aprobar as bases reguladoras dos aspectos administrativos, técnicos e artísticos da convocatoria do X concurso fotográfico Estampas de Paz e Acougo 2024 e proceder á súa convocatoria que seguidamente se transcriben:

#### **BASES:**

##### **1. Participantes.**

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe.

##### **2. Prazo de inscrición.**

Do 15 ao 30 novembro, ambos inclusive.

##### **3. Temática.**

Dentro do arte funerario, na súa máis ampla expresión, a temática versará sobre a simboloxía das construcións funerarias e do patrimonio inmaterial que incorporan relacionadas coa carga emocional que transmiten, así como a especial visión da morte nos cemiterios rurais.

Nesta ocasión circunscríbese ao ámbito xeográfico do Concello de Lugo, abrangendo tanto o Cemiterio Municipal de San Froilán como os cemiterios parroquiais existentes.

##### **4. Obras.**

- Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías inéditas e orixinais para este evento, non podendo estar publicadas en calquera medio con anterioridade á data de convocatoria.
- Cada fotografía chegarase impresa en soporte ríxido (cartón pluma ou similar) en formato 30 x 40 cm ou superficie equivalente aproximadamente. Cada fotografía irá acompañada do seu arquivo dixital.
- A persoa concursante indicará o título que decida darlle a cada fotografía ou dun texto para incluír nun posible catálogo ou recopilatorio, no seu caso (máximo de 20 palabras en galego).
- As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.

- As obras que se presenten ao concurso irán acompañadas ademais dun arquivo dixital da fachada do cemiterio do que procedan, indicando a súa denominación e localización.

### 5. **Presentación.**

- Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda da Muralla, 197, 27002 Lugo) ou achegaranse por calquera outro medio dos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Irán nun único sobre dirixido ao Negociado de Cemiterio coa seguinte indicación: “X Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán Estampas de Paz e Acougo” e un pseudónimo co que se inscribirá nunha relación numerada de obras que se presentan para o concurso.
- O sobre conterá outros dous sobres pechados: O sobre A coas obras que se presentan a concurso, en formato papel e dixital segundo o especificado na base 4; e o sobre B que conterá os datos do concursante: nome e apelidos, número de documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.
- Co obxecto de preservar a identidade dos autores durante o proceso de deliberación, os documentos identificativos non serán enviados ao Xurado, sendo custodiados polo persoal do Servizo de Participación e Atención Cidadá, que con posterioridade ao ditame incorporará os datos das persoas gañadoras na resolución adoptada polo órgano competente.
- A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:
  - Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
  - Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
  - Cando as fotografías presentadas non se axusten ao tema do concurso.
  - Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

### 6. **Xurado.**

O xurado estará composto por tres membros: unha persoa do Servizo de Cultura do Concello de Lugo, unha persoa da Sección de Cemiterio e unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

O xurado emitirá o seu fallo que será incorporado á acta que servirá de base para a fundamentación da proposta ao órgano competente para resolver.

O xurado propoñerá a resolución de calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso e terá plena potestade para interpretar estas bases.

Poderá propoñer que os premios queden desertos se considera que as obras presentadas non reúnen as calidades artísticas mínimas.

**7. Criterios de avaliación.** A proposta do xurado axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- **7.1-Técnica.** Valorarase a mestría no uso da técnica fotográfica (exposición, uso do diafragma, velocidade, sensibilidade, profundidade de campo, etc.)
- **7.2 Composición.** Valorarase a composición da obra, puntos de atención, reparto dos pesos visuais e visión de conxunto.
- **7.3 Mensaxe.** Dentro da temática á que se circunscribe a presente convocatoria, acada un valor importante a mensaxe captada coa cámara relacionada coa carga emocional, así como a súa relación coa especial visión da morte nos cemiterios rurais.
- **7.4 Habilidade.** Valorarase neste epígrafe as especiais habilidades, coñecementos ou aptitudes investidos para a captación da imaxe.

FACTORES AVALIABLES	PUNTOS
<b>Técnica.</b>	<b>de 1 a 10</b>
<b>Composición.</b>	<b>de 1 a 10</b>
<b>Mensaxe.</b>	<b>de 1 a 20</b>
<b>Habilidade.</b>	<b>de 1 a 10</b>
<b>Total puntos</b>	<b>50 puntos</b>

**8. Premios.**

Establécense tres premios, segundo a seguir se relaciona:

PREMIOS.	DOTACIÓN ECONÓMICA.
<b>Primeiro premio.</b>	<b>600,00 euros</b>
<b>Segundo premio.</b>	<b>400,00 euros</b>
<b>Terceiro premio.</b>	<b>200,00 euros</b>
	<b>TOTAL: 1.200,00 euros</b>

A cada un dos importes relacionados practicaráselles a retención económica que legalmente proceda.

A entrega de premios realizarase no lugar e data que publicamente se indique.

**9. Órgano competente para resolver.**

O órgano competente para resolver é a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación Cidadá e Servizos para a veciñanza, en base atribucións que lle confiren á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local, os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 16-07-2013 e Decreto núm. 4036/2024, de 30-04-2024 nas súas actuais redaccións

**10. Obrigas das persoas participantes.**

- As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases.
- As persoas gañadoras, no caso de realizarse unha entrega pública, comprométense a recoller os premios persoalmente ou a través de representante debidamente acreditado.
- As persoas participantes responsabilízanse de que as obras presentadas non están afectadas por dereitos dostras persoas.

**11. Dereitos de autoría**

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo. As non premiadas poderán ser retiradas polas persoas concursantes entre o 1 e o 31 de xaneiro. Os traballos non premiados que non se retiren no dito prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

Os autores e autoras das obras enviadas autorizan ao Concello para a súa reprodución, así como para a súa difusión, publicación e utilización para fins públicos, sempre con mención da súa autoría e respetando os dereitos de autor.

**12. Aceptación das bases.**

A participación no concurso supón a aceptación da totalidade destas bases reguladoras e a declaración de que a obra presentada é inédita, orixinal e desenvolta para este evento e que a persoa concursante é a súa única autora e titular de todos os dereitos de autor/a.

**13. Exposición das Fotografías.**

Coa finalidade de contribuir á promoción do Cemiterio de San Froilán como un espazo de intercambio cultural, as fotografías presentadas poderán ser obxecto de exposición pública no lugar, data e horas que se indiquen a través dos medios de difusión e na páxina web do Concello <http://www.concellodelugo.gal>

**14. Prazo máximo para resolver.**

O prazo máximo para resolver este procedemento remata o martes, día 31 de decembro de 2024.

**15. Publicidad.**

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I.DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dona/Don.....,  
 con DNI..... como persoa autora das fotografías tituladas:  
 .....  
 .....  
 .....

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que as fotografías presentadas ao "X Concurso Fotográfico. Estampas de Paz e Acougo 2024" son inéditas e da miña autoría.

Que as obras presentadas non recibiron outros premios ou distincións pola súa participación noutros concursos de similares características, obrigándome, de ser o caso, á súa comunicación e retirada no caso de obter algún premio ou galardón para esa mesma obra con carácter previo á resolución deste concurso.

Que son a única persoa titular dos dereitos de autoría da/das fotografía/s e que me fago responsable de calquera tipo de reclamación e eximo ao Concello de Lugo da devandita responsabilidade.

Que me atopo ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de persoa beneficiaria, no seu caso, dos premios que puideran corresponder, comprometéndome a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación

Lugo a            de            de 2024"

**Segundo.** Aprobar o gasto por un importe de 1.200,00 euros para o financiamento dos premios establecidos na base 8 das devanditas bases, con cargo á aplicación orzamentaria 16400.48101.RC 202400062201 do vixente orzamento municipal.

**Terceiro.** Publicar estas bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Cuarto.** Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

Lugo, 29 de outubro de 2024.- A Tenenta de Alcaldesa, Participación cidadá e Servizos para a Veciñanza, M. Cristina López Fernández.

R. 3368

## MEIRA

### Anuncio

#### EDICTO

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 28 de outubro do 2024 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2024.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de un mes contado a partir do día da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 30 de outubro do 2024 ata o 30 de decembro do 2024.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cas correspondentes recargas que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excm. Deputación Provincial de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio suscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 28 de outubro do 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3369

## MONDOÑEDO

### Anuncio

#### EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 29 de outubro de 2024 aprobouse o Padrón da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 5º BIMESTRE DO 2024.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de novembro ao 31 de outubro do 2024, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e

demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 29 de outubro de 2024.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 3370

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### DECRETO

#### PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Oferta de emprego público extraordinaria publicada no BOP-Lugo nº 122, de 30/05/2022 conforme ao mandato da Lei 20/2021, de 18 de decembro (BOE núm. 312, de 29/12/2021).

Bases publicadas no BOP-Lugo nº 28, de 03/02/2023.

Convocatoria publicada no BOE nº 63, de 15/03/2023

#### LISTAXES DE ADMISIÓN PROVISIONAL NOS PROCEDIMENTOS QUE SE CITAN (Base sétima)

Expediente nº 373/2023. Administrativo/a do Centro de Día.

Isabel Montenegro Feijoo

María José Sánchez González

Alba Villasante Torres

Marta María Vázquez Fernández

Miguel Rodríguez Cabañas

Vanesa Vázquez Fernández

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 374/2023. Auxiliares de axuda no fogar.

María Isabel Varela Conde

Ana Isabel García Castro

Mercedes Salgado Blanco

Ángel García Cabanas

María Carmen Carnero Pérez

María Dolores Fociños Cordido

María José Vázquez Fariñas

Raquel Méndez Pampín

María Pilar Saavedra Gayoso

Miriam Yáñez Cuba

Luz Divina Guerra Agra

Rosa María Gavieiro Currás

Zoila Mercedes Rosabal Viamonte

María Isabel García Iglesias

Pilar García Pereiro

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 375/2023. Animadora sociocultural do Centro de Día.

Vanesa Vázquez Fernández

Nélida Porto González

EXCLUÍDAS: Ningunha



Expediente nº 376/2023. Auxiliar de Intervención (contabilidade).

Marta María Vázquez Fernández

Vanesa Vázquez Fernández

Miguel Rodríguez Cabañas

Verónica Santos Modia

Noe Pérez Núñez

María Belén Grela Pena

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 377/2023. Avogado do Centro de Información á Muller

Marta María Vázquez Fernández

Juan María Insua Santamaría

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 378/2023. Directora do Centro de Atención á Muller.

Isabel Montenegro Feijoo

Marta María Vázquez Fernández

Vanesa Vázquez Fernández

María Divina Agra Soengas

Ángela Ruiz Iglesias

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 379/2023. Directora da Radio municipal

Ana Vanesa Cebra Taboada

Raquel Varela Pedreira

Pedro Pablo Quinteiro Vaamonde

Vanesa Vázquez Fernández

Diego Segade Miragaya

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 380/2023. Limpadora

Lucía Sánchez Valín

María Guadalupe Rouco Gómez

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 381/2023. Persoal de Protección Civil.

Vanesa Vázquez Fernández

Javier Morandeira Díaz

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 382/2023. Peón conductor.

José Antonio Mato Miguélez

Antonio Castro Pardal

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 383/2023. Peón ordinario

José Manuel Busto Mariño

Antonio Castro Pardal

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 384/2023. Peón do Punto Limpo

Antonio Castro Pardal

José Antonio Rodríguez Sexto

EXCLUÍDAS: Ningunha

Expediente nº 385/2023. Técnico de Emprego.

Isabel Montenegro Feijoo

Martqa María Vázquez Fernández

Vanesa Vázquez Fernández

Eva Vilar Varela

María José Sánchez González

Ana Serramito Vázquez

Miguel Rodríguez Cabañas

Javier Gómez Vázquez

Mónica Cardelle Rouco

María Elvira Álvarez Salgado

María Flora Rodríguez Rodríguez

Francisco José Abuín García

EXCLUÍDAS: Ningunha.

De acordó co previsto na base sétima as persoas excluídas ou omitidas dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo para formular as reclamacións que consideren oportunas.

Palas de Rei, 28 de outubro de 2024.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3371

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **Expediente: 82/2024**

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10/10/2024, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2024 a:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA.**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30/03/2025.**

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de setembro de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3372

---

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de outubro de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de setembro de 2024: 2.442,444euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de novembro de 2024 e o 01 de decembro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3373

---

**A POBRA DO BROLLÓN***Anuncio***RESOLUCIÓN DE DATA 29.10.2024****JOSE LUIS MACEDA VILARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN (LUGO)**

**DECRETO.-** No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para cubrir 1 praza de administrativo. Adxunto a intervención para o Concello da Pobra do Brollón. Xornada Completa.

Visto que se publicou o anuncio no BOP de Lugo número 214 de data 24.09.2024 e unha vez que rematou o prazo de presentación de solicitudes, e vista a documentación presentada polos candidatos.

Visto o contido da base quinta das bases que rexen a convocatoria, relativa a admisión de aspirantes e o abeiro do artigo 68.1 da Lei de Procedemento Administrativo común.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a lista PROVISIONAL de admitidos e excluídos para a cobertura mediante oposición-libre de 1 ADMINISTRATIVO adxunto a intervención.

**ADMITIDOS:**

APELIDOS E NOME	DNI
Abella García María	**8343***
Agrasar Martínez María Jesús	**1456***
Arias Doamo Paloma	**2674***
Armesto López Raquel	**5814***
Castro Blanco Silvia	**1853***
Castro Ocho Aurora	**2679***
Díaz Álvarez Ainara	**5544***
Díez Fernández Beatriz	**1809***
Fuentes Roca Iria	**2736***
García Pereiras Ana Belén	**4436***
Gómez López Lorena	**5825***
Gómez Sánchez José Manuel	**9977***
González Carballada Iria	**2733***
Jorge Cao María Jesús	**2638***
López López Ana	**5528***
López Vázquez Teresa	**3490***
Losada Valdés Yolanda	**2725***
Martínez Encinar Pablo	**1165***
Montero Gallego Mónica	**2658***
Moure Iglesias Flora	**9544***
Peón Carracelas Lía	**6135***
Pérez García Rita María	**4895***
Rodríguez Bueno Iris	**4991***

Trigo López María Luz	**2698***
Varela Cestoso Antón	**1157***
Vázquez García Vanesa	**5489***
Vázquez Iglesias Adriana	**2686***

**EXCLUÍDOS**

APELIDOS E NOME	DNI	Causa Exclusión
López Moscoso Cristina	**5833***	I

**\*I: Falta titulación**

**SEGUNDO:** Conceder un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación no BOP para que os aspirantes excluídos poidan enmendar a solicitude.

**TERCEIRO:** Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello da Pobra do Brollón: <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

A Pobra do Brollón, 29 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Luís Maceda Vilariño. O Secretario-Interventor, Rafael Castillo Reboiro.

R. 3374

**QUIROGA***Anuncio*

Nomeamento derivado do proceso selectivo extraordinario estabilización concurso e concurso-oposición do Concello de Quiroga.

NOMEAMENTOS DERIVADOS DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DE 12 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO, DO CONCELLO DE QUIROGA.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 122, de 30 de maio de 2022, publicouse a Oferta de Emprego para a estabilización do emprego temporal no Concello de Quiroga.

As bases xerais e específicas da convocatoria publicáronse no BOP nº 291, de data 22 de decembro de 2022.

De conformidade coas propostas dos tribunais dos correspondentes procesos selectivos, e segundo a base Décimo primeira ,Resolvo:

Primeiro.- Nomear as persoas que de seguido se especifican como persoal laboral fixo do Concello de Quiroga nas categorías especificadas, adxudicándolle as prazas (13) que de seguido se relacionan:

**PARA O POSTO DE ELECTRICISTA:**

DOMINGO RODRÍGUEZ PÉREZ DNI\*\*\*\*\*190X

**PARA OS POSTOS DE CAMAREIRO/ LIMPIADOR/A:**

INMACULADA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ DNI\*\*\*\*\*537K

**PARA OS POSTOS DE CONSERXE:**

CARMEN ARMESTO FIDALGO DNI\*\*\*\*\*082H

**PARA OS POSTOS DE OPERADOR/A DE CAMARA**

BEATRIZ DELPONT FERREIRO DNI\*\*\*\*\*865Q

**PARA O POSTO DE ORIENTADOR/A LABORAL**

ROSA ALICIA GÓMEZ ZUNZUNEGUI DNI\*\*\*\*\*172F

**PARA O POSTO DE EDUCADOR/A SOCIAL**

MERCEDES OTERO FIGUEROA DNI\*\*\*\*\*576B

**PARA O POSTO DE TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE**

JAVIER LÓPEZ FIGUEROA DNI\*\*\*\*\*115D

**PARA O POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/ AVOGADO/A CIM**

MARIA LUISA CASTRO NÚÑEZ DNI\*\*\*\*\*764B

**PARA OS POSTOS DE ANIMADOR /A SOCIOCULTURAL**

MANUEL GARCÍA LOSADA DNI\*\*\*\*\*494J

**PARA OS POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A**

MARIA DEL PILAR DÍAZ FERREIRO DNI\*\*\*\*\*889Q

MARIA JOSÉ LÓPEZ BALBOA DNI\*\*\*\*\*069Q

**PARA O POSTO DE PSICOLOGO/A DO CIM**

UBALDO VILA ANCA DNI\*\*\*\*\*409A

segundo.- Publicar a resolución de nomeamentos no BOP, no taboleiro de anuncios e web municipal, aos efectos de que se formalicen contrato como persoal laboral fixo.

Contra a resolución que se publica, con carácter potestativo poderán interpoñer as persoas interesadas recurso de reposición perante o órgano municipal que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña efectividade a súa notificación, consonte ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se se interpón recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou presunta daquel.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto do recurso de reposición cabe recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que o interesado reciba a notificación do rexeitamento, cando esta sexa expreso, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse rexeitado de forma presunta.

Quiroga, 29 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 3375

---

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito MC 22/2024 (Expte. 1383/2024).**

O Pleno do Concello de O Saviño, en sesión extraordinaria celebrada en data 29 de outubro de 2024, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 22/2024, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, por importe de 2.400,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública, polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviño, 29 de outubro de 2024.- O Alcalde, D. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3376

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024 (Expte. 1161/2023).**

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviño (Lugo), en sesión celebrada o día 29 de outubro de 2024, a modificación das Bases de Execución do orzamento municipal vixente: BASE 27. Das Subvencións, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais

aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se durante o citado prazo non se presentan reclamacións ou suxerencias; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 29 de outubro de 2024. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3377

---

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **PADRÓN SAF MES SETEMBRO DE 2024.**

Pola Xunta de Goberno Local de data 28/10/2024 aprobouse o padrón correspondente o mes de SETEMBRO de 2024, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 08/11/2024.

Xermade, 28 de outubro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3378

---

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – LUGO

#### *Anuncio*

Extracto do Decreto núm. 10027/2024 do día 25/10/2024, ditado pola Tenenta de Alcaldesa da área de Participación Cidadá e Servizos para a Veciñanza, polo ou que se dispón aprobar as Bases Reguladoras do X/X Concurso Fotográfico Estampas de Paz e Acougo 2024

BDNS (Identif.): 794006

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/794006>)

Bases Reguladoras. As Bases reguladoras que rexen a presente convocatoria foron aprobadas Decreto núm. 10027/2024 do día 25/10/2024, ditado pola Tenenta de Alcaldesa da área de Participación Cidadá e Servizos para a Veciñanza, cuxo texto íntegro pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións (\*BDNS); (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) así como na páxina web do concello ([www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal)).

Participantes. Poderá participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe.

Prazo de inscrición. Do 15 ao 30 novembro, ambos inclusive.

Temática.

Dentro da arte funeraria, na súa máis ampla expresión, a temática versará sobre a simboloxía das construcións funerarias e do patrimonio inmaterial que incorporan relacionadas coa carga emocional que transmiten, así como a especial visión da morte nos cemiterios rurais.

Nesta ocasión se circunscribe ao ámbito xeográfico do Concello de Lugo, abarcando tanto o Cemiterio Municipal de San Froilán como os cemiterios parroquiais existentes.

**Obras.**

Cada persoa participante poderá presentar un máximo de tres fotografías inéditas e orixinais para este evento, non podendo estar publicadas en calquera medio con anterioridade á data de convocatoria.

Cada fotografía achegarase impresa en soporte ríxido (tarxeta pluma ou similar) en formato 30 x 40 cm ou superficie equivalente aproximadamente. Cada fotografía irá acompañada do seu arquivo dixital.

A persoa concursante indicará o título que decida darlle a cada fotografía ou dun texto para incluír nun posible catálogo ou recopilatorio, no seu caso (máximo de 20 palabras en galego).

As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.

As obras que se presenten ao concurso irán acompañadas ademais dun arquivo dixital da fachada do cemiterio do que procedan, indicando a súa denominación e localización.

**Presentación.**

Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Rolda da Muralla, 197, 27002 Lugo) ou achegaranse por calquera outro medio dos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Irán nun único sobre dirixido ao Negociado de Cemiterio coa seguinte indicación: "X/X Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán Estampas de Paz e Acougo" e un pseudónimo co que se inscribirá nunha relación numerada de obras que se presentan para o concurso.

O sobre conterá outros dous sobres pechados: O sobre A con as obras que se presentan a concurso, en formato papel e dixital segundo o especificado na base 4; e o sobre B que conterá os datos do concursante: nome e apelidos, número de documento de identidade, dirección, teléfono de contacto e correo electrónico.

Co obxecto de preservar a identidade dos autores durante o proceso de deliberación, os documentos identificativos non serán enviados ao Xurado, sendo custodiados polo persoal do Servizo de Participación e Atención Cidadá, que con posterioridade ao ditame incorporará os datos das persoas gañadoras na resolución adoptada polo órgano competente.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

-Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.

-Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, Ila persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.

-Cando as fotografías presentadas non se axusten ao tema do concurso.

-Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

Premios. Establécense tres premios, segundo a seguir relaciónase:

**PREMIOS.****DOTACIÓN ECONÓMICA.**

Primeiro premio.

600,00 euros

Segundo premio.

400,00 euros

Terceiro premio.

200,00 euros

TOTAL: 1.200,00 euros

Lugo, 25 de outubro de 2024.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para o Vecindario.

R. 3379